

Xuño 2020

Bo día,

O prometido é débeda. Aquí vos deixo varias palabras para segmentar.

Mirade a teoría antes de poñervos a facer o exercicio. Non ten ningún sentido facelo ao chou, porque non ides aprender nada.

Non é habitual que vos poñan morfemas gramaticais para segmentar, pero nunca se sabe. Lembra que os morfemas gramaticais son os artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, numerais, preposicións, conxuncións e promes. Póño-vos exemplos:

MIÑAS

miña-: morfema gramatical

-s: morfema flexivo de número

OS

o-: morfema gramatical

-s. morfema flexivo de número

AQUEL

aquel: morfema gramatical

AQUELES

aquel-: morfema gramatical

-es: morfema flexivo de número

DE

de: morfema gramatical

EL

el: morfema gramatical

QUE

que: morfema gramatical

Segmenta as seguintes palabras e indica o valor dos seus constituíntes:

estudante, avispeiro, cristianismo, bondade, leonés, boísimo, rosaleda, intocable, anticiclón, entreacto, alegremente, barbeiro, artista, librería, descompoñer, con, aquel, boamente, colonizador, reluciente, compasiva, xustiza, rianxeiro, estes, infelicidade, bebamos, andou, comeron, vivisen, oia, oía, estudarían, comiches, andaran.